Lingua achuar

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **achuar**[2] é unha lingua da familia xíbara falada en Perú e Ecuador polo pobo achuar.

Achuar	
Outros nomes:	Shiwiar
Falado en:	Perú e Ecuador
Total de falantes:	Descoñecido (crese que arredor duns 7.000)[1]
Familia:	Xíbaro **Achuar**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	acu (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=acu)

Índice

Distribución xeográfica

En Perú os achuar viven ao longo dos ríos Morona, Macusari, Tigre, Huasaga e Corrientes no departamento de Loreto.
En Ecuador os achuar viven en 7 asentamentos das provincias de Pastaza e Morona-Santiago

Falantes

6.000? (2004)

- Perú: 3500
- Ecuador: 2500

Dialectos

Shiwiar: 720 falantes en 8 asentamentos en Ecuador

Escrita

Os misioneiros protestantes crearon unha ortografía para a lingua na que se editaron unha gramática, un dicionario e algúns textos relixiosos, entre os que destaca a tradución do Novo Testamento (1981-1994)
O achuar emprégase nas escolas de Ecuador e Perú e no ensino radiofónico en Ecuador, para o que se editaron materiais educativos.

Notas

1. Ethnologue (ed.). "Falantes de achuar en Ethnologue". Consultado o 15 de xaneiro de 2018.
2. García-Miguel, José M. (2000). "Linguas do mundo e tipoloxía lingüística". En F. Ramallo; G. Rei-Doval; X.P. Rodríguez Yáñez. *Manual de Ciencias da Linguaxe* (PDF). Vigo: Edicións Xerais de Galicia. pp. 173–220. ISBN 84-8302-588-4.

Véxase tamén

Ligazóns externas

- Ethnologue (http://www.ethnologue.com/show_language.asp?code=acu)
- Dicionario achuar-castelán (zip) (https://web.archive.org/web/20071115155032/http://www.sil.org/americas/peru/html/pubs/slp36.zip)
- Gramática achuar (en castelán)(arquivo zip) (https://web.archive.org/web/20071119215411/http://www.sil.org/americas/peru/html/pubs/dt20.zip)
- Libro de texto de matemáticas en achuar (zip) (https://web.archive.org/web/20071112092836/http://www.sil.org/americas/peru/html/pubs/ach-math7.zip)